

Tirado do libro: *Dreams & Dead Ends: The American Gangster Film, Second Edition*, Jack Shadoian, New York, Oxford University Press, 2003.

Nunha década de policiais feos e duros, ningún director fíxoos máis desagradables, fríos e visualmente incómodos que Phil Karlson. O máis severo moralista dos anos cincuenta, os seus filmes carecen da divertida rebeldía romántica dos de Fuller e da fresca axitación dos de Don Siegel. Un sinxelo estilista, aparentemente sen gracia, as súas obras cheas de dor física e dano psicolóxico rabiosamente orquestradas e traballadas deixan certo mal sabor de boca, retratando o crime como un monstruoso mal contaminador, e despoxándoo de calquera *glamour* que tivera posuído. El é a figura clave da violencia nos anos cincuenta, especializado na disposición en primeiro plano de rostros esmagados e sanguinolentos. Os filmes de Karlson son viaxes desencantadas e extenuantes a través do sufrimento e a súa desacougante violencia é infecciosa, dada a necesidade dunha vindreira contra-violencia. Os seus heroes cambalean debilmente por unha vida que malla neles como se fosen sacos de boxeo ata que xa non poden máis e colapsan, contraatacando nun frenesí sen sentido. Karlson e Fuller comparten unha visión de pesadelo do status quo estadounidense e unha esperanza desesperada de que este pode ser purgado dos seus males. Fuller quere liberar o país da súa hipocrisía burguesa e disensión ideolóxica. Karlson quere facelo seguro para levar unha vida normal e decente. A súa tensión e case sempre (aparentemente) local -a familia, a comunidade, a vila. Fuller é o máis flexible dos dous, el pode aguantar a tunda e esbozar un sorriso. Para Karlson os criminais son a chusma máis baixa, e o crime debe ser meticulosamente destruído. O seu odio é profundo, e os seus sórdidos e fáciles filmes de acción son auténticos asaltos sobre a automática percepción de "entretemento" que ten a audiencia da gran pantalla. [...]

En xuño de 1954 Albert A. Patterson, candidato demócrata a fiscal xefe de Alabama, foi asasinado a tiros ao saír do seu bufete. Semellaba que ía ser elixido, e unha vez no posto a súa ambición era a de perseguir e xulgar ao sindicato que controlaba as industrias do xogo e o vicio en Phenix City e pórle fin á notable corrupción que durara xa preto de cen anos. A *historia de Phenix City* (1955) é unha dramatización de xénero dos sucesos reais que levaron á morte de Patterson e o chamamento da Garda Nacional. Como outros filmes da guerra fría, intensifica unha horrible contemporaneidade ata levala a un estado de paranoia xeneralizada. O obxectivo do filme non é o facernos sentir mal coa perversión de Phenix City, senón advertirnos da nosa sensibilidade diminuída.

A situación do filme serve como metáfora da erosión dos valores norteamericanos (léase: valores humanos) e a nosa aquiescencia mecánica cunha corrupción envolvente e enraizada. Nunha atmosfera de conformidade tolerante e afable non podemos ver o mal que hai entre nós e como está a envelenarnos. Como o mesmo Patterson (John McIntyre) di cara o inicio do filme ao capo Rhet Tanner (Edward Andrews), "Non penso en nada. Non quero. É máis relaxante - e seguro". Dille ao seu fillo, que acaba de regresar de Alemaña, que dado o estado das cousas non saia facer exercicio e que "vivimos lonxe da Rúa Catorce". É unha actitude que nos deixa incapacitados para tratar con sindicatos criminais, delegación alienixenas e Comunistas. Para repeler estes perigos precísase unha vixilancia constante. (O reporteiro, Ed Strickland infórmanos de que o sindicato criminal aínda existe un ano despois de intentar esmagalo, e está intentando volver). Con todo, desafortunadamente somos unha sociedade de somnábulo. Fai falla o piar do xénero, o forasteiro, para tomar a tixola polo mango. É John Patterson (Richard Kiley), retornado aos Estados Unidos tras vivir en Alemaña, quen encabezarará a loita contra Tanner. Loitando contra Tanner, a policía, a maquinaria política, a súa apática comunidade e os seus propios ideais e sentimentos, el é o centro dos conflitos do filme. Chegando dun mundo exterior a un vello conflito establecido entre o vicio establecido e a virtude impotente, as correntes da situación sacódeno cun impacto novo. O asasinato do seu pai faille ver o que é preciso facer. Finalmente desatarase dándolle saída ás súas emocións e tratando de estrangular a Tanner.

A historia de Phenix City é un dos filmes máis salvaxes de Karlson. Posúe unha crúa atmosfera documental, máis ameazante se cabe pola súa autenticidade. Como en todos os seus filmes policiais, trátase dunha versión do *American Gothic*, co seu uso de sórdidas localizacións naturais e coa súa serie de gángsteres ruíns, covardes e desagradables que lle dan ao crime unha sensación angosta e truculenta. Nada neste filme está idealizado ou caricaturizado. E non hai un comentario explícito de Karlson. Non fai falla. O crime e a corrupción que mostra son tan repulsivos que é libre de despersonalizarse, combinando completamente o seu fervor moral co material. Incluso nun momento tan tardío como é 1975, o público universitario do filme aínda aclama a chegada da Garda Nacional (increíble, pero certo). Aquí non hai humor ningún.

Karlson leva ao seu filme un elemento de horror sórdido. Os seus ambientes son ruidosos, atestados, fétidos. O ceo sobre Phenix City é frío e funesto. O número musical no Poppy Club é un anti-número, basto, pouco profesional, sen talento. Unha nena morta é arroxada á herba desde un auto. Nas eleccións mallan nos votantes, homes e mulleres, que cambalean cara á rúa, chorreando sangue. A "heroína" é asasinada, o mesmo que o seu agradábel pretendente. A un avogado eivado métenlle un tiro na boca. Un case non pode crer o que acontece na pantalla; o terror que aparece nela é asfixiante. Non se nos amosa a realidade; somos atacados pola súa recreación dramática. Fáisenos mirar facéndonos sentir. Ao cabo, cando a vaga comeza a volveirse contra os criminais, o espectador debe afrontar o horror do seu propia desexo polas represalias. O filme exponnos, as nosas propias capacidades, moito máis

ESPERTARNOS A NÓS MESMOS

JACK SHADOIAN

do que amosa a “realidade” de Phenix City. Somos bombardeados por unha conciencia da nosa propia condición. O filme non só expón o que a xente preferiu ignorar; expón o feito de que a xente estaba a ignoralo.

A Historia de Phenix City é unha mensaxe ao cidadán estadounidense. Como unha entrevistada di, se botas luz por riba dunha rata, “porase a cuberto” (e pode que o faga no concello). Isto non é suficiente; un debe bater nas ratas ata matalas, e dado que sempre están listas para volver, un debe seguir a bater nelas, sen fin. A película fai que queiras matar e roubache a satisfacción de facelo. Que esperte ese desexo dálle crédito (descrédito?) ao seu poder. Nós, como espectadores, temos que ser controlados coa forza que Zeke (James Edwards) utiliza para impedir que John estrangule a Tanner. As súplicas bíblicas de Zeke son benintencionadas pero francamente inoportunas. Unha verdadeira xustiza esixiría que Tanner morrese. O filme permítenos, como a John Patterson, vivir a través dunha ira controlada como forma de vingativa liberación, a pesar da nosa teórica fidelidade ás leis da democracia e o noso aborrecemento do derramamento de sangue. Non debemos matar, pero que nos fagan querer matar debería levantar en nós un sentimento de cidadanía que nos fixese tomar a determinación dunha forte, se ben menos dramática, loita contra o crime e contra a nosa propia insensibilidade. O filme non é catártico. Deixamos a sala preocupados, enfadados, cheos dun antagonismo contido. As nosas frustracións só se verán aliviadas cando ao fin John comece a golpes cos demais, incapaz de manterse nas súas conviccións racionais. Pero non bate nin tan forte nin o tempo suficiente.

A Historia de Phenix City insinúa que sen a coraxe nin o eventual mergullo de John Patterson na irracionalidade, as condicións non terían mudado. Os homes fortes, extraordinarios e honestos son poucos. O cidadán estadounidense corrente é retratado de xeito desfavorable. As boas persoas dan a volta, moralmente aletargadas; outros son corruptos ou resultalles indiferente. Faise un paralelo con Alemaña, de onde John acaba de chegar tras rematar o seu traballo procesando criminais de guerra nazis. A cousa era máis segura alí; a “guerra” nos Estados Unidos é moito máis infernal. Estes están sumidos nunha ditadura do mal. John atopa difícil crer a onde acaba de volver e acha que a apatía é aínda máis difícil de comprender. A policía e os políticos están todos untados. O sindicato é, de feito, un espello da sociedade. A boa xente di “saíamos de aquí, que vén a policía”. O pai de John vólvese o sacrificio necesario para a comunidade. O seu martirio escenifícase de xeito estridente pola noite. Un tiro na boca, a pelacorpo, sae do seu auto e arrástrase rúa abaixo coas súas muletas. Cambalea, pero permanece erguido o tempo suficiente para proxectar a traumática imaxe dunha integridade destruída na xente que aos poucos concorre arredor seu. Cando cae, instiga para ben a nosa actitude meténdonos dentro do filme con

fame de acción.

Os heroes confusos de Karlson deben saír a golpes do seu racionalismo estancado. John, como outros personaxes do director, non só é ordinario, senón que ademais é difícil apoialo pola súa posición ambivalente e a facilidade coa que dá por sentadas certas nocións. Non le de xeito correcto a situación, imaxinando que os principios racionais e democráticos da lei e a xustiza poden aplicarse. Só cando o seu pai é asasinado e o resto da súa familia vese ameazada é cando se dá de conta de que as condicións baixo as que está son demasiado graves como para enfrontarse a elas de xeito racional e que debe deixar que a súa auténtica rabia siga o seu curso. Karlson dispón os seus filmes de xeito que os seus heroes reciben unha cura de humildade que os axuda a enfrontarse ás súas asuncións estáticas e a unha inxenua miopía (Eddie n’*Os Irmáns Rico*, o personaxe de Jeffrey Hunter en *Testemuña Clave*). Resultan tan problemáticos como aquilo contra o que loitan. As súas caracterizacións son non-heroicas e polo tanto inseguras. A rabia dos heroes é terrible e intimidatoria, pero é preferible á quimera e á ignorancia. Deixándolle paso, chegan ata a súa propia humanidade e abren unha vía para os fins máis humanos. Que a súa credibilidade e a credibilidade do que conseguen sexan discretamente sospeitosos é o signo dun pesimismo honesto que rexeita ser excluído.

Fálase moito de que os sucesos sexan reais. O filme exerce unha certa fascinación no feito de estar baseado na realidade. Pero o poder de *A historia de Phenix City* non recae na súa “realidade” senón en ser unha ficción de boa factura que utiliza de xeito imaxinativo a estrutura e elementos do xénero. Os quince primeiros minutos de forzadas entrevistas “reais” debería facer que calquera espectador estivese agradecido polo que vai seguir (hora e media de algo que sería moi deprimente relatar en palabras), O filme comeza a funcionar plenamente só cando Karlson toma o control, superpoñendo no material real un estilo descaradamente ficcional (acentuando a obvia representación polas novas e entrevistas que a preceden), con interpretacións convincentes e persuasivas dos seus actores (se ben é sincera, a auténtica poboación de Phenix City é terriblemente aburrida), e comezando a construción rítmica cun clímax na mente. Os incidentes únense os uns aos outros como unha corda a unha buxaina, e a presión dramática vai crescendo gradualmente. Aínda que sexa oportuna e “real”, *A historia de Phenix City* é un triunfo da destreza, do artístico e da economía de medios. Karlson dános só o que precisamos saber sobre como é e se sente Phenix City, o suficiente para comprender como chegou a Rúa Catorce a ser o que é e por que continúa a existir, e por que debe ser destruída – e faino de xeito rápido e vivo.

CINECLUBE DE COMPOSTELA

MAI
2015

ASOCIACIÓN

O Cineclub tenta ser unha asociación autoxestionada. Para iso, propoñemos unha aportación económica persoal de 5€/mes (3€ para estudantes e parados/as)
 ① cineclubedecompostela.blogaliza.org
 facebook.com/cineclubedecompostela
 @cineclubedecompostela@gmail.com

PROXECCIONS

Todos os mércores na Gentalha do Pichel (Santa Clara, 21. Santiago de Compostela)
 Entrada de balde | Bono-axuda: 1€

6 DE MAIO

A historia de Phenix City
 (*The Phenix City Story*, Phil Karlson, EUA, 1955, 100', VOSG)

20 DE MAIO

O tiroteo
 (*The Shooting*, Monte Hellman, EUA, 1966, 82', VOSG)

13 DE MAIO

Goliath
 (*Goliath*, David Zellner, EUA, 2008, 80', VOSG)

27 DE MAIO

To face 13' Galiza 2011, VO
Parque Europa 5' Galiza 2008
Os Dioses 24' Galiza 2014
 (Proxeccións de vídeo de Virxinia Polke/Claudio Pato)
Coa presenza de Claudio Pato